

Concello de Ortigueira

JOSE VALENTIN CALVIN FONDEVILA, ALCALDE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

FAGO SABER:

Que o Concello de Ortigueira, no ámbito das súas competencias, autoriza aos veciños e veciñas que desexen realizar as tradicionais cacharelas e sardiñadas de San Xoan e San Pedro, baixo as seguintes condicións:

- 1.- As persoas, asociacións ou entidades organizadoras deberán presentar no Rexistro do Concello, cunha antelación mínima de dous días, a comunicación previa da realización das cacharelas facendo constar os datos da persoa responsable e o lugar onde se vai realizar, achegando DNI da persoa que asina a comunicación. Nas dependencias administrativas e na sede electrónica do concello facilítase o modelo normalizado
- 2.- O lume non se poderá facer en espazos públicos de titularidade municipal con pavimento de formigón, asfalto ou material cerámico, nin sobre o céspede das zonas verdes. Noutra clase de espazos públicos as persoas organizadoras adoptarán as medidas necesarias para que a a fogueira non provoque danos ao chan. Non se autorizan a celebración das fogueiras nas praias nen espazos verdes públicos limítrofes as mesmas.
- 3.- No caso de realizarse a actividade en espazos públicos que non sexan de titularidade municipal ou en espazos privados deberase contar coa preceptiva autorización do titular dos terreos
- 4.- Deberase coidar os arredores do lugar onde se fai a lumarada, e no caso de emerxencia chamar ao 112, a chamada é de balde. En calquera caso a persoa que realice a lumarada tomará as medidas oportunas para evitar a propagación do lume, dispoñendo de persoal e medios suficientes para sufocar os conatos de incendio.
- 5- Non se poderá iniciar ni avivar a lumarada con substancias inflamables.
- 6.- A separación entre a parte extrema da lumarada e edificios, construcións, locais, árbores, tendidos eléctricos ou telefónicos, canos de gas, etc, será como mínimo de 8 metros para lumaradas de 2 metros e 1 m de diámetro ou menores, e de 12 m. para lumaradas maiores. Non obstante as lumaradas non poderán superar nin en altura nin en diámetro os 3 metros.
- 7.-As persoas que fagan a lumarada, como responsables das mesmas, aseguraranse de que nos arredores non existan locais que conteñan produtos inflamables. A distancia mínima a ditos locais será de 25 metros.
- 8.- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espuma de poliuretano, aceites, mobles e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico
- 9.- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión aínda que estean baleiros
- 10.- Non se poderá realizar a fogueira con vento. Se iniciada a lumarada se producise a aparición do vento, suspenderase inmediatamente procedendo a apagar o lume
- 11.- Ao finalizar a lumarada os responsables coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas, non podendo abandonar a vixilancia da zona ata que o lume estea completamente apagado
- 12.- A presente autorización unicamente terá efectividade para a realización da lumarada cando o índice de risco de incendio forestal sexa de nivel baixo(1) ou moderado (2), publicado na web da Consellería de Medio Rural, o nivel IRDI.
- 13.- Por parte dos responsables da organización das lumaradas deberanse tomar todas as medidas preventivas precisas para evitar incidentes por negligencia. **En todo caso, é responsabilidade das persoas que fan as lumaradas, os danos que puideran producir**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ortigueira, 20 de xuño de 2024

O Alcalde

José Valentin Calvin Fondevila

